



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 220
Fax: 981 546 569
E-mail: administracionlocal@xunta.es

galicia

RESOLUCIÓN do 5 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se publican as relacións provisionais de admitidos e excluídos ao procedemento para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional convocado por Resolución de 1 de decembro de 2017 para a subescala de Intervención-Tesourería.

De conformidade co establecido no artigo 5.1 da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, do 30 de novembro de 2017, pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e rematado o prazo de presentación de solicitudes para a inclusión nas bolsas de interinos relativas á subescala de Intervención-Tesourería,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as listaxes provisionais de admitidos e excluídos ao procedemento para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional convocado por Resolución de 1 de decembro de 2017 relativas á subescala de Intervención-Tesourería.

Segundo.- As listaxes provisionais de admitidos e excluídos para a realización da proba tipo test e da proba de galego, nos casos en que proceda, están a disposición das persoas interesadas na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/tramitar/PR410A>.

Terceiro.- Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, para emendar, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídos.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 220
Fax: 981 546 569
E-mail: administracionlocal@xunta.es

galicia

Cuarto.- Os aspirantes que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo co obxecto de formular reclamación.

Quinto.- So serán admitidas as emendas e reclamacións que os aspirantes realicen desde a carpeta do cidadán habilitada para o efecto na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <http://sede.xunta.gal>, no procedemento PR410A.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A Directora Xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez